

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS DO IES ROU DE VIGO

CURSO 2022-23

CRITERIOS DE AVALIACIÓN , CALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

1ª,2ª E 3ª AVALIACIÓN NA ESO (CURSOS PARES)

2º DE ESO

Para a avaliación global de cada trimestre, teranse en conta os seguintes aspectos:

Contidos conceptuais: 70%

Serán probas realizadas individualmente. Versarán sobre os contidos conceptuais que se viron en clase. Cada proba incluírá unha ou dúas unidades do libro. Haberá un mínimo de dous por avaliación. Non teñen por que ter o mesmo peso á hora de facer a media. Algunha proba poderá ponderar máis que outra.

As preguntas serán similares aos exercicios realizados en clase e poderán tratar sobre estruturas gramaticais, léxico, verbos, comprensión e expresión escritas así como comprensión oral.

Cando un alumno ou alumna non se presente ao exame na data fixada, deberá xustificalo debidamente ou non poderá facelo noutra data.

Valoración do traballo diario: 30%

Caderno (5%)

Valorarase polo menos unha vez por avaliación. Nela quedarán recollidos os exercicios de clase, os esquemas gramaticais, as anotacións que o profesor realice na pizarra ou calquera outra actividade que se indique previamente aos alumnos.

Cahier d' activités (5%)

Valorarase polo menos unha vez por avaliación. Nel quedarán recollidos os exercicios feitos (na aula ou en casa) e corrixidos na aula.

Teranse en conta a orde, a corrección e a limpeza tanto do caderno como do cahier.

Tarefas de casa e traballo na aula (20%)

As tarefas valorarase coas seguintes apreciacións: *Très ben, Ben, Assez ben, Moyen, Satisfaisant, Instatisfaisant*. Serán basicamente actividades de repaso de fin de tema ou actividades de produción escrita. Poderán ser entregadas en papel ou en PDF a través de edixgal. **As tarefas que non respecten as consignas ou entregadas fóra de prazo non serán avaliadas.**

No *traballo na aula*, valorarase se o alumno leva a materia ao día, as actitudes de respecto cara ao resto de membros do grupo, a colaboración, participación nas actividades propostas, a puntualidade e asistencia a clase. Neste apartado incluiremos tamén a produción oral do alumno, tendo en conta a pronuncia, o ton, a riqueza de vocabulario, a corrección gramatical e, de modo xeral, a súa corrección progresiva. Poderase valorar ou ben na lectura dunha consigna, dun texto, en respostas ao profesor ou compañeiros e nos *jeux de rôles*.

Nas *probas de contidos conceptuais*, a nota mínima para poder facer media co resto de probas do mesmo tipo ha de ser de 4. Pola contra, e aínda que a valoración das tarefas e traballo na aula sexa positiva, non se fará a media e o alumno non terá superada a avaliación. Poderá recuperar a parte dos contidos conceptuais ao comezo da seguinte avaliación, a través dun exame. A nota máxima obtida será de 5. Do mesmo xeito, se se teñen aprobados os contidos conceptuais pero non a parte do traballo diario, non terá aprobada a avaliación. Poderá recuperar esta parte ao longo da seguinte avaliación, presentando o caderno e/o o cahier completos e realizando as tarefas propostas (tanto de casa como de clase) satisfactoriamente.

A cualificación final resultará dunha ponderación na que serán tidas en conta as cualificacións das tres avaliacións do curso cun peso do 30% 1ªavaliación + 35% 2ªavaliación + 35% 3ªavaliación.

4º DE ESO

Para a avaliación global de cada trimestre terase en conta os seguintes aspectos:

Contidos conceptuais: 80%

Probas escritas:

Serán probas realizadas individualmente. Versarán sobre os contidos conceptuais que se viron en clase. Cada proba incluírá unha ou dúas unidades do libro de texto ou un tema extra da aula virtual. Haberá un mínimo dunha por avaliación. Non teñen por que ter o mesmo peso á hora de facer a media. Algunha proba poderá ponderar máis que outra.

As preguntas serán similares aos exercicios realizados en clase e poderán tratar sobre estruturas gramaticais, léxico, verbos, comprensión e expresión escritas.

Probas orais:

Produción oral

A proba poderá ser unha presentación oral ante a clase, con ou sen soporte visual, unha batería de preguntas ante a profesora (sen soporte visual) ou un *jeu de rôles* (sen soporte visual). Haberá un mínimo de dous por curso.

Terase en conta a fonética, fluidez, coherencia e cohesión, contido, riqueza léxica, corrección gramatical e respecto de consignas. Valorarase igualmente a corrección progresiva do alumno ao longo do curso.

Comprensión oral

Haberá unha por trimestre. O seu grao de dificultade irá en aumento progresivamente ao longo do curso. Serán preguntas do tipo verdadeiro/falso, *questions à choix multiple* ou ocos para encher cunha palabra ou unha frase.

Cando un alumno ou alumna non se presente ao exame na data fixada, sexa oral ou escrito, deberá xustificalo debidamente ou non poderá facelo noutra data.

Valoración do traballo diario: 20%

As *tafeas* valoraranse coas seguintes apreciacións: *Très ben, Ben, Assez ben, Moyen, Satisfaisant, Insatisfaisant*. Serán basicamente actividades de repaso de fin de tema ou actividades de produción escrita. Poderán ser entregadas en papel ou en PDF a través da aula virtual. **As tarefas que non respecten as consígnas ou entregadas fóra de prazo non serán avaliadas.**

Neste apartado, incluiremos tamén as *lecturas graduadas*. Haberá unha ou dúas por curso. Comprobaremos a lectura a través dun cuestionario e as apreciacións serán as mesmas que para o resto de tarefas de casa.

No *traballo na aula*, valorarase se o alumno leva a materia ao día, as actitudes de respecto cara ao resto de membros do grupo, a colaboración, participación nas actividades propostas, a puntualidade e asistencia a clase.

Nas *probos de contidos conceptuais*, a nota mínima para poder facer media co resto de probos do mesmo tipo ha de ser de 4. Pola contra, e aínda que a valoración das tarefas e traballo na aula sexa positiva, non se fará a media e o alumno non terá superada a avaliación. Poderá recuperar a parte dos contidos conceptuais ao comezo da seguinte avaliación, a través dun exame. A nota máxima obtida será de 5. Do mesmo xeito, se se teñen aprobados os contidos conceptuais pero non a parte do traballo diario, non terá aprobada a avaliación. Poderá recuperar esta parte ao longo da seguinte avaliación, presentando o caderno e/o o cahier completos e realizando as tarefas propostas (tanto de casa como de clase) satisfactoriamente.

A cualificación final resultará dunha ponderación na que serán tidas en conta as cualificacións das tres avaliacións do curso cun peso do 30% 1ªavaliación + 35% 2ªavaliación + 35% 3ªavaliación.

ALUMNADO DE MATERIA PENDENTE

Aínda que teoricamente o francés é unha das materias denominadas “acumulativas”, entendemos que un programa de reforzo é necesario e conveniente.

Considerarase que o alumno ten superada a materia pendente se aproba a primeira avaliación do curso no que se atopa e entrégalle á súa profesora actual, obrigatoriamente, o caderno de actividades de repaso da pendente debidamente cumprimentado. Para realizar estas tarefas o centro poñerá a súa disposición un libro de texto gratuito. As actividades poderanse entregar en papel ou en formato dixital (dispoñible en edixgal ou na aula virtual do centro) e terá que ser no día fixado polo departamento. Non se recollerán cadernos fóra de prazo. A súa profesora actual ou xefa de departamento, resolverá as súas dúbidas ben na aula, ou por vía telemática. Se a 1ª avaliación está aprobada pero o

caderno de actividades non entregado ou mal feito a materia pendente non quedará aprobada.

No caso de non recuperar a pendente deste xeito terá unha nova oportunidade ao longo da segunda avaliación.

Finalmente, de non recuperar a materia deste xeito, terá que presentarse a un exame final na convocatoria de maio onde entrará toda a materia.

Valorarase a actitude persoal manifestada polo alumnado cara á materia. Isto é: iniciativa e interese, cumprimento das instrucións ,puntualidade na entrega das tarefas e calidade do traballo.

1ª,2ª e 3ª AVALIACIÓN EN 2º DE BACH

Para a avaliación global de cada trimestre, terase en conta os seguintes aspectos:

Contidos conceptuais: 80%

Probas escritas:

Serán probas realizadas individualmente. Versarán sobre os contidos conceptuais que se viron en clase. Cada proba incluírá unha ou dúas unidades do libro de texto ou un tema extra da aula virtual. Haberá un mínimo dunha ou dúas por avaliación. Non teñen por que ter o mesmo peso á hora de facer a media. Algunha proba poderá ponderar máis que outra.

As preguntas serán similares aos exercicios realizados en clase e tratar sobre estruturas gramaticais, léxico, verbos, comprensión e expresión escritas.

Probas orais:

Producción oral

A proba poderá ser unha presentación oral ante a clase, con ou sen soporte visual, unha batería de preguntas ante a profesora (sen soporte visual) ou un *jeu de rôles*. Haberá unha por avaliación.

Terase en conta a fonética, fluidez, coherencia e cohesión, contido, riqueza léxica, corrección gramatical e respecto das consignas. Valorarase igualmente a corrección progresiva do alumno ao longo do curso.

Comprensión oral

Haberá unha por trimestre. O seu grao de dificultade irá en aumento progresivamente ao longo do curso. Serán preguntas do tipo verdadeiro/falso, *questions à choix multiple* ou ocos para encher cunha palabra ou unha frase.

Cando un alumno ou alumna non se presente ao exame na data fixada, sexa oral ou escrito, deberá xustificalo debidamente ou non poderá facelo noutra data.

Valoración do traballo diario: 20%

As *tarefas* valoraranse coas seguintes apreciacións: *Très ben, Ben, Assez ben, Moyen, Satisfaisant, Instatisfaisant*. Serán principalmente exames ABAU doutros anos e producións escritas. Poderán ser entregadas en papel ou en PDF a través da aula virtual. Para o alumnado que non se presente a francés na ABAU, poderán ser substituídas por cuestionarios sobre lecturas graduadas ou elaboración dun proxecto (individual ou grupal) proposto pola profesora. **As tarefas que non respecten as consignas ou entregadas fóra de prazo non serán avaliadas.**

No traballo na aula, valorarase se o alumno leva a materia ao día, as actitudes de respecto cara ao resto de membros do grupo, a colaboración, participación nas actividades propostas, a puntualidade e asistencia a clase.

Nas *probas de contidos conceptuais*, a nota mínima para poder facer media co resto de probas do mesmo tipo ha de ser de 4. Pola contra, e aínda que a valoración do traballo diario sexa positiva, non se fará a media e o alumno non terá superada a avaliación. Poderá recuperar a parte dos contidos conceptuais ao comezo da seguinte avaliación, a través dun ou varios exames. A nota máxima obtida será de 5. Do mesmo xeito, se se teñen aprobados os contidos conceptuais pero non a parte de traballo diario, non terá aprobada a avaliación. Poderá recuperar este parte ao longo da seguinte avaliación repetindo as tarefas anteriores mal feitas ou non entregadas.

A cualificación final resultará dunha ponderación na que serán tidas en conta as cualificacións das tres avaliacións do curso cun peso do 30% 1ªavaliación + 35% 2ªavaliación + 35% 3ªavaliación.

O alumno que teña suspensa a 3ª avaliación e/ou outra(s) avaliación(s), terá a posibilidade de recuperar na semana de exames a(s) parte(s) suspensa(s), ben cunha proba de contidos conceptuais (oral ou escrita) ben entregando as tarefas solicitadas: produción(s) escrita(s), textos ABAU,...ou as dúas (exame e tarefas).

O alumnado que teña aprobadas as 3 avaliacións, poderá presentarse a unha proba para subir a media final na semana de exames, na que entrarán contidos de calquera das tres avaliacións. Se a nota é inferior a media obtida anteriormente non se terá en conta. Do mesmo xeito, poden quedar coa media final que xa tiñan.

APLICABLE A TODOS OS CURSOS: No caso de sorprenden copiando a un/a alumno/a nun exame ou ter sospeitas diso, aplicaranse automaticamente as medidas establecidas polo centro ao respecto.

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A 3ª AVALIACIÓN E A AVALIACIÓN FINAL NA ESO (CURSOS PARES)

O alumno que teña suspensa a 3ª avaliación e/ou outra(s) avaliación(s), terá a posibilidade de realizar unha serie de tarefas neste período para poder superar a materia. Para o alumnado que non superase a materia pendente, os criterios adoptados serán os mesmos.

Metodoloxía:

- Explicación dos puntos básicos do temario que o alumnado teña que recuperar e aclaración de dúbidas de forma individualizada.

Actividades tipo:

- Exercicios estruturais e de sistematización.

Materiais e recursos:

- Libro de texto e fichas con actividades de reforzo.

Valorarase a actitude persoal manifestada cara á materia. Isto é: iniciativa e interese, cumprimento das instrucións e calidade do traballo.

Cualificación final:

- Exercicios: 50% da nota.

- Exame: 50% da nota.

Para poder facer media, a nota do exame non pode ser inferior a 3. A materia quedará superada cunha media de 5.

O alumnado que teña aprobadas as 3 avaliacións realizará tarefas de repaso para reforzar as competencias orais e escritas.

Valorarase a actitude persoal manifestada cara á materia. Isto é: iniciativa e interese, cumprimento das instrucións e calidade do traballo.

Cualificación final:

- Poderá obter ata un punto extra na súa cualificación final da materia.

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA E O FINAL DO PERÍODO LECTIVO EN 2º DE BACH

O alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria, terá a posibilidade de presentarse a unha proba extraordinaria.

Metodoloxía:

- Explicación dos puntos básicos do temario que o alumnado teña que recuperar e aclaración de dúbidas de forma individualizada.

Actividades tipo:

- Exercicios estruturais e de sistematización.

Materiais e recursos:

- Modelos de exames tipo ABAU.
- Libro de texto e fichas con actividades de reforzo.
- Lectura graduada con actividades para traballar as catro destrezas.

Valorarase a actitude persoal manifestada cara á materia. Isto é: iniciativa e interese, cumprimento das instrucións e calidade do traballo.

Cualificación final:

- Exercicios: 30% da nota.
- Proba extraordinaria: 70% da nota.

Para poder facer media, a nota da proba extraordinaria non pode ser inferior a 3. A materia quedará superada cunha media de 5.

O alumnado que se presente ás proba de francés na ABAU, terá clases de repaso.

Metodoloxía:

- Repaso dos puntos básicos e aclaración de dúbidas.

Actividades tipo:

- Exercicios de gramática, comprensión e produción escrita.

Materiais e recursos:

- Fichas de gramática e vocabulario.
- Modelos de probas ABAU doutros anos.

Vigo, 13 de setembro de 2022

Henar Pascual Malvar

Xefa do departamento de francés